

	IES MARÍA CASARES. Departamento de TECNOLOXÍA		<b>1ºBAC</b> 2023-2024
	<b>MATERIA</b>	<b>TIC - Tecnoloxía da información e a comunicación</b>	
	PROFESOR/A	Teresa Cotón, Isabel Fúster	

CONTIDOS	
1 a A V A L I A C I Ó N	<p><b>1 Presentación dixital:</b> Deseño creativo de proxectos. Elementos fundamentais dun sistema informático. Fitos fundamentais da evolución das TIC.</p> <p><b>2 Creación e edición de textos:</b> Creación e edición de documentos de texto e de presentacións dixitais aplicados á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede</p> <p><b>3 Creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos:</b> Tratamento de datos con folla de cálculo: formato de datos, uso de fórmulas e funcións, filtrado da información e creación de gráficos. Tratamento de datos a través de bases de datos: almacenaxe, consulta e presentación da información.</p> <p><b>4 A imaxe dixital:</b> Edición dixital da imaxe fixa: retoques e montaxes fotográficas. Resolución da imaxe e almacenamento. Formatos de arquivo empregados no tratamento dixital de imaxe, audio e vídeo na produción multimedia.</p>
2 a A V A L I A C I Ó N	<p><b>5 Seguridade na rede e etiqueta dixital:</b></p> <p>A seguridade da información: principios de integridade, dispoñibilidade, confidencialidade e autenticación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias saudables e seguras no uso de dispositivos e na interacción na rede.</li> <li>- Identificación de software malicioso.</li> <li>- Condutas de seguridade activa e pasiva na protección dos equipos informáticos fronte a ataques externos.</li> <li>- Propiedade intelectual: respecto e aplicación de licencias de software e dereitos de autoría.</li> <li>- Pegada dixital e protección de datos persoais na rede. Etiqueta dixital.</li> </ul> <p><b>6 Programación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Diagramas de fluxo: elementos e símbolos e o seu significado.</li> <li>- Utilización de estruturas de programación: secuenciais, de selección e iterativas.</li> <li>- Utilización de operadores.</li> <li>- Uso de datos. Tipos de datos primitivos e compostos.</li> <li>- Utilización de funcións. Parámetros, código e retorno.</li> <li>- Utilización de librerías.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento e programación de aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles.</li> <li>- Execución, proba, depuración e documentación de programas</li> </ul> <p><b>7 Creación e edición de pezas audiovisuais.</b></p> <p>Encadramento e ángulo de cámara. Tipos de plano: uso e funcionalidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadre.</li> </ul> <p>Escenas e secuencias.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Raccord e ritmo na edición.</li> <li>- Proceso de posproducción: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa.</li> <li>- Recursos técnicos da montaxe e a edición: corte, fundido e encadeado.</li> <li>- Banda sonora da produción audiovisual: diálogos, efectos de son e música.</li> <li>- Formatos de arquivo empregados no tratamento dixital de imaxe, audio e vídeo na produción multimedia</li> </ul>
<p style="text-align: center;">3 a A V A L I A C I Ó N</p>	<p><b>Continuación UD 7</b></p> <p><b>8 Presentación e documentación de proxectos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Documentación de proxectos.</li> <li>- Comunicación de información e de contidos dixitais en diferentes plataformas.</li> </ul> <p><b>9 Proxecto dixital:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de procura crítica de información.</li> <li>- Estratexias, técnicas e marcos de desenvolvemento dun proxecto en diferentes contextos e as súas fases</li> </ul>

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

	PORCENTAXE DO TOTAL
<b>FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN</b>	
PROBA ESCRITA: Probas obxectivas de coñecemento individuais escritas/dixitais, probas outarefasindividuaisobxectivasavaliabes)	60,00%
TÁBOA INDICADORES: Traballos individuais e actividades tanto en papel como en formato dixital. Tarefas en proxectos	40,00%
A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. <b>*(ver observacións)</b>	
<b>NOTA MEDIA XUÑO</b>	
A cualificación final do curso virá dada pola media das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso, non podendo ter menos de un 4 en ningunha das avaliacións. No caso de ter algunha avaliación con media menor de 4 e/ou que a nota final do curso sexa menor que 5 deberá recuperar materia. <b>Cálculo da nota final do curso:</b> <b>NOTA FINAL =</b> Media das tres avaliacións( nota mínima un 4 en cada avaliación)	
<b>CRITERIOS DE RECUPERACIÓN</b>	
Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos. En cada unha das avaliacións o alumnado que non acade un 50% na nota nas PE (probas obxectivas de avaliación) deberá realizar unha proba de recuperación dos contidos da avaliación. Nas 3 últimas semanas do curso, o alumnado que o precise, deberá realizar tarefas e probas de recuperación das unidades didácticas que non superase no seu momento. No caso do alumnado que teña que realizar a proba extraordinaria do curso poderanse dar dúas situacións: a) Que teña que recuperar algunha avaliación. Nese caso a nota final recalcularase aplicando a media ponderada coa nova calificación obtida. b) No caso do alumnado que teña que acudir coas tres avaliacións a nota final será a nota obtida na proba final. O alumnado que na primeira semana de xuño teña acadado unha cualificación de 5 ou máis de 5 na media ponderada das tres avaliacións, poderá realizar actividades de reforzo e ampliación que lle permitirán subir a súa cualificación en algunha das unidades didácticas do curso. Neste caso a cualificación final será recalculada seguindo o mesmo criterio que a nota final do curso, modificando a nota da avaliación na que se mellore a media.	

**\*OBSERVACIÓNS:** \*En cada avaliación o aprobado obtense cunha media igual ou superior a 5 e sempre que se obteña un 40% como mínimo en cada unha das ferramentas de avaliación. De obterse calificación negativa o alumnado deberá superar a avaliación mediante a entrega das tarefas pendentes ou a recuperación da proba escrita correspondente.

**EXAMES:** Se un alumno non se presenta a un exame deberá presentar xustificante médico e acordarse co profesor unha data para a realización da proba.